

VERMIGLIO

Maura Delpero, 2024

1461

ESTREA EN NUMAX: 14.02.2025 | V.O.S.E. | +12 | 119 min

Finais da Segunda Guerra Mundial en Vermiglio, un remoto lugar nos Alpes italianos. A chegada dun soldado desertor á aldea vai marcar un antes e un despois na vida dos seus habitantes, especialmente na familia do mestre, que verá como cada un dos seus membros se dirixe a un destino inesperado.

«Unha obra finísima, intelixente e moi calculada. Un retrato fondo e preciso da maternidade, a familia, as dúbidas, o desexo e o machismo»

Luis Martínez, EL MUNDO



O cheiro a madeira e leite quente

Por Maura Delpero

O meu pai deixounos unha calorosa tarde de verán. Antes de pechar os ollos, mirounos coma se fose un neno sorprendido. Xa escoitara que cando es vello, volves ser un neno, pero non sabía que esas dúas idades puidesen fusionarse nun só rostro. Máis tarde, aparecéuseme en soños. Regresara a Vermiglio, a súa casa de infancia. Tiña seis anos e as pernas dun Capricornio. Sorríame sen dentes, levaba esta película debaixo do brazo: a vida da súa gran familia a través das catro estacións.

Unha historia de nenos e adultos, de mortes e nacementos, decepcións e renacementos, de como se manteñen firmes ante os cambios que lles ofrece a vida, do seu camiño desde a colectividade ata converterse en individuos. Unha historia das altas terras cubertas de neve. Do cheiro a madeira e leite quente nas mañás xeadas. Coa guerra de lonxe, pero sempre presente, protagonizada por aqueles que quedan fóra dela: mulleres nas casas, neonatos falecidos polo frío, o temor á viuvez, pais que esperan un regreso dos seus fillos que nunca chega, mestres e sacerdotes facendo de pais e nais.

Unha historia de guerra sen bombas nin grandes batallas. Na lóxica férrea da montaña que lembra ao home cada día o pequeno é. *Vermiglio* é unha paisaxe da alma, un ““Léxico Familiar (Natalia Ginzburg)” que vive dentro de min, no limiar do incosciente, un acto de amor polo meu pai, a súa familia e a súa pequena vila. Ao atravesar un período persoal, quero render homenaxe a unha memoria colectiva.

Publicado en karmafilms.es



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Léxico familiar,
Natalia Ginzburg,
Laiovento